

Regulamento madrugá – comedor xestionado por FANPA

1 NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR /MADRUGA

1.1 Hixiene

- A partir dos 3 anos, os usuarios/as deberán saber comer por si mesmos, facer uso dos servizos e lavar as mans.
- Os usuarios/as terán que controlar esfínteres, de non ser así, chamaráselles aos pais/nais/titor/titores.
- Todos os alumnos/as pasarán polos servizos para lavar as mans antes de acudir ao comedor.
- Porase especial atención na correcta utilización dos cubertos, así como o uso do pano de mesa.
- Non se poden tirar alimentos ou restos de comida ao chan, nin a outros compañeiros/as.
- Despois de comer/almorzar, e antes de ir aos lugares asignados para o lecer, todos os/as alumnos/as, terán que pasar polo servizo para realizar a hixiene bucodental.

1.2 Organización e comportamento

- Deberán respectar todo o material e utensilios.
- Deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin abanearse nas cadeiras nin cambiarse de sitio. Non poderán erguerse. Para chamar as/os monitoras/es, deberán facelo erguendo a man.
- É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán, nin os/as monitores/as nin as/os usuarias/os, aos demais berrando, senón falando nun ton adecuado.

1.3 Tempo libre

- Cada grupo permanecerá no lugar asignado baixo a supervisión do/a monitor/a e realizando a actividade programada. Ningún neno/a poderá separarse do grupo sen permiso.
- Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por tales aquelas actividades que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.

2 DEBERES E OGRIGACIÓNS DOS USUARIOS/AS

O alumnado usuario do Servizo de Comedor/P. Madrugá deberá:

- Obedecer as indicacións do persoal de Madrugá/Comedor.
- Lavar as mans e os dentes.

- Entrar no comedor ordenadamente.
- Permanecer ben sentado.
- Non facer ruído nin berrar.
- Utilizar o servizo de comedor e madrugada cando así o teña establecido, polo que está prohibido ausentarse sen permiso do pai/nai/titor.
- Os usuarios gardarán normas de convivencia tales como respecto ós compañeiros e monitores, non ter conductas agresivas nin que alteren o normal funcionamento do servizo.

En definitiva, ter unha conducta adecuada.

3 MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO COMEDOR

- As empresas de Comedor/Madruga teñen que deixar as instalacións en perfecto estado de limpeza para o seguinte servizo, ao igual que todas as actividades que se realicen no comedor.
- No caso de realizarse actividades nas instalacións do comedor que afecten ao bo desenvolvemento posterior dos servizos de Comedor e Madrugada, terán que informar á empresa responsable do servizo, e se necesitará autorización previa da FANPA.
- Non se pode utilizar o mobiliario, enxoval ou alimentos sen permiso previo e autorización das empresas, tras o aviso á ANPA correspondente e esta a FANPA.

4 OBRIGAS DAS NAIS/PAIS E TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

Os pais/nais/titor/es de alumnos/as que se acollan ó Servizo de Comedor/Programa Madrugada:

- Comprométense a aboar nos prazos establecidos polas empresas que prestan o servizo de Comedor/Madruga as cotas estipuladas. O incumprimento da obrigaçón de pago determinará, tras a previa comunicacón das empresa concesionarias dos servizos, a perda do dereito ao uso do Comedor/Madruga
- Os pais/nais deberán avisar á empresa de comedor se os seus fillos/as non van a acudir ao Comedor. No caso dos bolseiros, este aviso faráselle á FANPA.
- Deberán cumprir os horarios tanto de entrada como de saída establecidos tanto polo Servizo de Comedor como polo P. Madrugada.
- Deberán recoller os/as alumnos/as á saída do comedor na quenda que lles corresponda.
- O incumprimento da obrigaçón anterior determinará, adoptar as medidas que legalmente resulten procedentes ou estudar a expulsión do neno/a do comedor.
- Non poderán recoller aos/ás alumnos/as fóra do horario establecido, salvante, de maneira excepcional, tras a autorización por parte da FANPA.
- Respetarán os/as monitores/as e o persoal do servizo de Comedor/Madruga
- Respetarán e aceptarán o presente regulamento.

5 MEDIDAS CORRECTORAS

O incumprimento dos Deberes e das Normas de Convivencia, terá como consecuencia unha amoestación por parte das persoas monitoras , que informará ao pai/nai/titor.

A reiteración no incumprimento dos deberes e das Normas de Convivencia ou conductas especialmente graves, derivará nunha falta grave ou moi grave, polo que poderá ser sancionado coa expulsión temporal ou definitiva do servizos de Comedor/Madruga.

Estas dúas últimas corresponde a súa aplicación aos coordinadores dos servizos, tras a autorización da FANPA como responsable do servizo; e tendo informados os pais.

Na consideración das faltas así como na súa aplicación terase en conta a idade e madurez dos nenos/as.